



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 54
27 de novembro de 2020



CSV: BOPGDSPG5h7K9ShCO4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei reguladora de acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

—Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5098)

[19759](#)

—Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5099)

[19775](#)

Rexeitamento de emendas á totalidade

■ 2624 (11/PL-000003)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

[19749](#)

■ 2794 (11/PL-000005)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

[19749](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

■ 5339 (11/MOC-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno Central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3652, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

[19750](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 5327 (11/MOC-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de



Seguimento de Contactos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3635, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020) [19750](#)

I 5329 (11/MOC-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3563, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020) [19751](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.2. Emendas ás proposicións

Aprobación sen modificacións

I 5010 (11/PNP-000574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade

[19751](#)

Aprobación con modificacións

I 3552 (11/PNP-000381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia Innova 2020

[19752](#)

I 4440 (11/PNP-000501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia

[19752](#)

I 4961 (11/PNP-000566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19

[19753](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 4898 (11/PNP-000560)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero [19754](#)

Rexeitamento da iniciativa**■ 3466 (11/PNP-000371)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil [19755](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**1.3.7.1. Declaracións institucionais**

■ Declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre o Día Mundial da Infancia [19755](#)

■ Declaración institucional do Parlamento de Galicia con motivo do 25 de novembro: Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller [19757](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei reguladora de acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 25 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei reguladora de acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

—Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5098)

—Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5099) Ç

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 2624 (11/PL-000003)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

BOPG nº 26, do 06.10.2020

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 2794 (11/PL-000005)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

BOPG n.º 26, do 06.10.2020

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 5339 (11/MOC-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno Central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3652, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 2: aprobado por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado as seguintes medidas:

— Aprazar os pagos do IRPF e do IVE do cuarto trimestre de 2020, ata doce meses.

— Ampliar o prazo dos pagamentos fraccionados do imposto de sociedades.

— Aplicar un IVE reducido do 4 % para o sector da hostalaría e do turismo.

— Establecer condonacións especiais no pagamento das cotas empresariais á Seguridade Social correspondentes ao tempo de peche e de redución drástica da actividade, para aqueles autónomos gravemente afectados polas medidas adoptadas no marco das restricións sanitarias.

— Impulsar as actuacións necesarias para prorrogar un ano o período de amortización e carencia dos préstamos ICO.»

Rexeitamento da iniciativa

- 5327 (11/MOC-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de Se-



guimento de Contactos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3635, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 5329 (11/MOC-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3563, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.2. Emendas ás proposicións

Aprobación sen modificacións

- 5010 (11/PNP-000574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 44, do 11.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 37 votos a favor, 14 votos en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a que estableza un sistema de repartición dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade, que teña en conta os principios que se expoñen a continuación:

1) O principio de subsidiariedade e goberno multinivel, de modo que as comunidades autónomas participen no proceso de definición destes criterios.

2) O principio de concorrencia competitiva, que disipe calquera risco de discrecionalidade ou arbitrariedade no proceso.



3) O principio de cohesión social e territorial, de maneira que a distribución teña en conta factores como a renda per cápita, a porcentaxe de poboación que vive no rural, o reto demográfico ou a transición industrial.»

Aprobación con modificacións

- 3552 (11/PNP-000381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia Innova 2020

BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 2: aprobados pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

Punto 3: rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española.

2. Explicar o grao de execución do Plan Galicia Innova 2020.»

- 4440 (11/PNP-000501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia

BOPG nº 40, do 04.11.2020

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 3: aprobados pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



1. Convocar de inmediato a mesa de negociación para acadar un convenio colectivo das fundacións biomédicas de investigación sanitaria de Galicia: Fundación Biomédica Galicia Sur(FBGS), Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS) e Fundación Instituto de Investigación Sanitaria Santiago de Compostela (FIDIS).

2. Designar representante para esta negociación que teña capacidade de decisión e forme parte da Consellería de Sanidade.»

- 4961 (11/PNP-000566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19 (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 44, do 11.11.2020

Sómétese a votación por puntos o texto transaccionado e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 2: rexeitados por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Resto dos puntos: aprobados pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Deseñar, en colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, un plan específico de atención psicolóxica para mulleres en situación de violencia machista adaptado á realidade xerada pola covid-19, así como ás consecuencias do confinamento e doutras medidas de restrición da mobilidade adoptadas neste contexto.

2. Manter e ampliar o Plan de reforzo de atención ás vítimas de violencia machista para garantir o funcionamento dos servizos necesarios de atención, información e asesoramento ás mulleres en situación de violencia machista, tales como: prestacións económicas, apoio psicolóxico, centros de información ás mulleres e recursos de acollida.

3. Elaborar un estudo sobre a situación das mulleres vítimas de violencia machista en Galicia durante a pandemia, con especial atención ao período de confinamento.

4. Ampliar a rede de centros de información ás mulleres que garanta a prestación do servizo ao conxunto do territorio galego, especialmente a aqueles concellos e comarcas que actualmente carecen del.

5. Reforzar as medidas dirixidas á atención ás mulleres vítimas de violencia machista que viven no rural, aumentando o número de recursos especializados, adaptándoos á realidade demográfica e xeográfica, así como adaptar as campañas de prevención e sensibilización a esta realidade.



6. Manter e ampliar a colaboración coa Rede Galega contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

7. Dirixirse ao Goberno do Estado para que impulse a aprobación da Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e cumprir así co aprobado no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 4898 (11/PNP-000560)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 44, do 11.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno central realizar de forma urxente as modificacións legislativas necesarias para garantir a protección das orfas e orfos por violencia de xénero naquelas situacións en que, após a aplicación da Lei 3/2019, do 1 de marzo, quedan sen contemplar, debido a que o requisito de orfandade absoluta asimilable non dá cabida a supostos que deben ser considerados, por exemplo, aquelas situacións derivadas da non coincidencia do homicida co pai do neno ou nena ou de que o proxenitor non estea en condicións de asumir a manutención das e dos menores e outras que puideren derivar no resultado da desprotección da ou do menor.

2. Demandar do Goberno central unha difusión activa da existencia deste recurso, dirixida á sociedade en xeral e aos organismos e departamentos que traballen no ámbito dos servizos sociais e da atención á violencia machista en concreto. Así mesmo, a colaborar e facer o propio desde a Administración galega.

3. Realizar, ao abeiro da medida 170, que recolle “revisar os casos de mulleres e menores ao seu cargo que fosen vítimas de violencia de xénero para analizar o seu grao de inserción na sociedade e reparación”, un estudo específico sobre os resultados en Galicia, co obxectivo de afondar no coñecemento da situación e de poder impulsar as melloras e complementos necesarios por parte das administracións.

4. Reforzar e manter as axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, co obxecto de garantir que o feito causante supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos.»



Rexeitamento da iniciativa

- 3466 (11/PNP-000371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil

BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre o Día Mundial da Infancia

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 24 de novembro de 2020, adoptou, por asentimento, a seguinte declaración institucional:

«Declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre o Día Mundial da Infancia. Reimaxinar un mundo mellor para a infancia

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 está a ter graves consecuencias para a infancia. Atravesamos unhas circunstancias excepcionais que provocan un incremento da pobreza infantil e as desigualdades, un agravamento da fenda educativa, e unha ameaza para a saúde física e mental de nenos, nenas, adolescentes e as súas familias. Estas consecuencias impactan dunha maneira máis acentuada naquelas persoas quen están en maiores condicións de vulnerabilidade.

Por iso, neste Día Universal da Infancia, o Parlamento de Galicia quere sumar a súa voz unánime e recordar o noso compromiso co cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno e coa implementación da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. A situación actual está a poñer a proba a nosa capacidade de responder como sociedade, non só ante a emerxencia derivada da covid-19 senón fronte aos retos do futuro, polo que renovar o compromiso cos dereitos da infancia resulta ineludible.

É o momento de reimaxinar un mundo mellor para a infancia, cando, ademais, iniciamos en Galicia unha nova lexislatura. Para iso, será fundamental que desde todos os poderes públicos e especialmente desde a nosa casa, o Parlamento, renovemos o noso compromiso cos nenos, nenas e adolescentes e tamén coa Axenda 2030, como folla de ruta colectiva para responder á emerxencia actual e para reconstruír mellor, reimaxinando un mundo máis equitativo, sustentable e xusto para todas e todos.

Para facer iso realidade, será imprescindible que aseguremos que os dereitos de nenos e nenas se poñen no centro das medidas de atención á crise e recuperación. Debemos tomar decisións firmes



para garantir que ningún neno e ningunha nena quede atrás, e que cada un deles poida desenvolver o seu máximo potencial.

Xa previamente á chegada do coronavirus, a pobreza e a exclusión afectaban en Galicia o 26 % da poboación infantil; é dicir, moitas familias están afrontando a situación provocada pola COVID-19 desde condicións de extrema vulnerabilidade. Por iso, debemos traballar xuntos para previr que a crise xerada pola pandemia se converta nunha crise duradeira para a infancia. Por esta razón, comprometémonos a promover as seguintes accións que favorezan o cumprimento dos seus dereitos:

—Promover un maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignan os recursos necesarios para afrontar os retos antes mencionados.

—Promover a elaboración da Lei galega de infancia e adolescencia, como instrumento marco no que articular os compromisos futuros cos nenos, nenas e adolescentes na nosa comunidade.

—Promover as accións que sexan necesarias para analizar o impacto da covid-19 na infancia e adolescencia en Galicia, especialmente sobre os máis vulnerables, e abordar as súas solucións de cara a:

- Fortalecer o sistema de protección social para garantir un nivel de vida axeitado para cada neno e nena – ODS 1.

- Abordar os retos da fenda educativa, atallando o fracaso escolar, o abandono temperán e a fenda dixital – ODS 4.

- Asegurar medidas especiais de protección para os nenos e nenas solicitantes de asilo e refuxiados, así como migrantes non acompañados – ODS 10.

- Garantir os dereitos dos nenos e nenas privados dun contorno familiar – ODS 16.

- Previr, detectar e atender adecuadamente os casos de violencia contra a infancia – ODS 16.

- Protexer e promover a saúde de nenos, nenas e adolescentes, con atención especial á saúde mental e aos dereitos de nenos e nenas con discapacidade – ODS 2, 3, 10.

- Fortalecer a cooperación internacional para o desenvolvemento, cumprindo co compromiso recoñecido na CDN de achegar á protección dos dereitos da infancia e adolescencia en todo el mundo– ODS 17.

—Escoitar as preocupacións e necesidades de nenos, nenas e adolescentes, e abordalas dun modo transversal na acción política, promovendo a súa participación para deseñar xunto con elas e eles as estratexias para a recuperación desta crise.

—Promover as accións necesarias para o cumprimento dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e o Acordo de París, convertendo a crise actual nunha oportunidade para investir no presente e futuro da infancia, reconstruíndo mellor e cun enfoque sustentable, sen perder de vista a ameaza da crise climática e o seu impacto na infancia.



Finalmente, recoñecendo as problemáticas existentes e os grandes retos que afrontamos, reafirmamos o noso compromiso para propoñer accións e acadar resultados a favor da infancia en Galicia, pero tamén a nivel nacional e mundial, e declaramos o noso compromiso directo coas nenas e cos nenos para reimaxinar, xunto con elas e con eles, un mundo no que facer realidade todos os seus dereitos.»

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Declaración institucional do Parlamento de Galicia con motivo do 25 de novembro: Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller.

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 25 de novembro de 2020, adoptou, por asentimento, a seguinte declaración institucional:

«Declaración Institucional do Parlamento de Galicia con motivo do 25 de novembro: Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller

O Parlamento de Galicia, con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller, que se conmemora o día 25 de novembro, reitera, máis un ano, a súa firme condena de calquera expresión de violencia contra as mulleres, e de todas e cada unha das súas manifestacións. De igual modo, manifestamos todo o noso apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas e aos seus familiares.

Xa na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres, en Beijing, en 1995, recoñeceuse que a violencia exercida contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, que impide que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

Tal como expresa a ONU, «a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica». Este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa. E que, se afecta as mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural en que se encontran, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A súa erradicación e eliminación é un mandato normativo derivado dos tratados internacionais de Nacións Unidas e a Unión Europea, ratificados polo Estado Español, polo que debe de ser tratada con máxima prioridade nas axendas das distintas administracións públicas como garantes dos dereitos das mulleres.

Galicia conta desde 2007 cunha Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aprobada por unanimidade neste Parlamento. É unha lei avanzada e en liña coas recomendacións internacionais recollidas, entre outros instrumentos, no Convenio de Istambul.

Esta Lei 11/2007 representou unha enorme mudanza, ao ampliar a definición de violencia machista e incluír como tal calquera acto violento ou agresión —tamén sexual—, tanto se ocorre no ámbito público como no familiar ou privado.



Con posterioridade, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, validado por unanimidade, tamén supuxo un claro avance ao lograr unir todas as forzas políticas e institucionais do Estado para mellorar a situación das mulleres vítimas e para loitar contra unha situación indigna para calquera sociedade, establecendo estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre desde perspectivas integrais en todos os ámbitos, tales como o laboral, o educativo, o sanitario, o xurídico, o policial e o social.

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución de competencias en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica multitude de axentes.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga. A violencia machista interpélanos a todos e as administracións públicas debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

Así, o Parlamento de Galicia leva anos traballando arreo para conseguir cambios nas políticas públicas e no eido lexislativo, co fin de acadar algún día a plena igualdade e, en consecuencia, a eliminación de calquera forma de violencia contra as mulleres, que é a manifestación máis desprezable da desigualdade entre homes e mulleres. Por tanto, comprometémonos a continuar traballando en medidas de prevención, información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia machista e as súas fillas e fillos.

Unha sociedade democrática non pode tolerar que as mulleres sexan discriminadas, sexan vítimas do machismo, da desigualdade e da violencia, unha das principais causas de vulneración dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, situacións totalmente inadmisibles nun Estado democrático e de dereito.»

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DE
ACCIÓN EXTERIOR E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE
GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000005).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. A presente lei ten por obxecto a regulación da acción exterior galega fóra do territorio de Galiza, unha acción que deberá ter carácter integral e transversal abranguendo o papel e a presenza de Galiza no Estado, as relacións cos espazos de cultura e fala galega fóra das fronteiras xeográficas de Galiza, as relacións con Portugal e os países da lusofonía, a acción no ámbito da Unión Europea e nos demais espazos xeográficos que se consideren estratéxicos.

Nesta concepción totalizadora, a política exterior galega integrará de maneira coordinada e complementaria a cooperación internacional ao desenvolvemento, a internacionalización da economía galega, as diásporas antiga e nova como elementos centrais das relacións exteriores, a dimensión cultural e lingüística, a participación das entidades locais e a universidade e a proxección exterior da marca país."

Emenda nº2, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3. A acción exterior galega enténdese como unha política integral que deber servir para sacar rendibilidade da nosa situación no mundo mediante estratexias que xeren oportunidades de desenvolvemento, modernización e progreso."

Emenda nº3, ao apartado a), de Substitución. Artigo 2





Substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Exterior: espazo de soberanía que excede o marco territorial de Galiza."

Emenda nº4, ao apartado e), de Supresión. Artigo 2

Suprimir o apartado e).

Emenda nº5, ao apartado o) bis), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado o) bis) so seguinte texto:

"o) bis) Eurociudades: acordo entre entidades locais próximas, con relacións históricas, sociais e cultruais, e pertencentes a dous Estados distintos da Unión Europea."

Emenda nº6, ao apartado o) ter), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado o) ter), co seguinte texto:

"o) ter) Marca país: valor intanxíbel da imaxe dun país identificábel en aspectos como a cultura, a identidade, a historia, a economía, a paisaxe, a tradición ou a innovación."

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto do Artigo 3 polo seguinte:

"No desenvolvemento e na execución desta lei velarase polo cumprimento dos seguintes principios reitores:

- a) Máximo grao de consenso social e político para garantir a continuidade con independencia dos cambios de goberno. Para conseguir este obxectivo, procurarase o maior grao posíbel de concertación entre as forzas políticas e as organizacións sociais para definir acordos básicos e estábeis sobre materias como relacións con Portugal e países lusófonos, as diásporas, áreas xeográficas prioritarias e áreas temáticas prioritarias
- b) Máxima transparencia nas actuacións, como garantía de lexitimidade.





- c) Fomento da participación e da coordinación, fomentando a paradiplomacia , procurando a implicación das entidades con intereses no exterior, nomeadamente as entidades locais, as universidades, as organizacións empresariais, as organizacións de cooperación ao desenvolvemento, as asociacións e redes da diáspora.
- d) Alto grao de planificación e profesionalización, creación de estruturas estábeis, programas formativos e estratexias de análise, diagnose e elaboración dun pensamento exterior propio.
- e) Definición de prioridades claras, pola imposibilidade de facer todo ao mesmo tempo e de estar en todos os ámbitos xeográficos.
- f) Respecto pola soberanía de todos os pobos, a solución pacífica dos conflitos e o dereito de cada pobo a decidir sobre o seu futuro.
- g) Aliñamento cos Obxectivos da Axenda de Desenvolvemento Sostibel das Nacións Unidas."

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do Artigo 4 polo seguinte:

- "a) Defender os intereses globais de Galiza e os intereses específicos de cada sector da actividade económica, social e cultural.
- b) Defender os intereses políticos de Galiza a través da negociación directa de acordos económicos con terceiros países aproveitando, de maneira especial, o inmenso potencial neste ámbito que representa a lusofonía.
- b) Proxectar Galiza no mundo como unha nación cunha identidade diferenciada, e con grandes atractivos para investir, traballar, visitar ou vivir.
- c) Internacionalizar a economía e a sociedade galega, cunha aposta decidida polo coñecemento, a investigación e a creación como elementos singulares da marca país.
- d) Participar proactivamente na Unión Europea, artellando redes de influencia e cooperación con outros territorios, nomeadamente con Portugal e con comunidades e países do arco atlántico.
- d) Atraer persoas para que elixan Galiza como lugar para vivir e traballar, potenciando sectores estratéxicos relacionados coa innovación, a creatividade, a ciencia, a industria, o rural, os servizos sociais, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento





de Galiza e a combater o declive demográfico e os desequilibrios territoriais.

e) Fomentar o retorno de emigrantes, con especial atención ás xeracións máis novas formadas por persoas con alto grao de cualificación.

f) Fortalecer as relacións coa cidadanía galega residente no estranxeiro e apoio ás entidades galegas asentadas fóra de Galiza, recoñecidas ao abeiro da normativa de galeguidade

g) Contribuír á realización da axenda global de desenvolvemento humano e ás políticas de cooperación internacional e axuda humanitaria, desde unha óptica de respecto aos dereitos humanos e as relacións en pé de igualdade entre os pobos..

h) Impulsar os principios do internacionalismo na sociedade galega.

i) Participar en alianzas e redes internacionais fronte ao imperialismo, o militarismo e o colonialismo.

k) Participar en alianzas internacionais a prol da diversidade cultural e lingüística.

l) Fortalecer as entidades galegas de estudos e análises internacionais.

ll) Aproveitar as redes de colectividades galegas no exterior, así como do asociacionismo galego, para a defensa, promoción e información dos intereses galegos, prestando especial atención à nova diáspora.

m) Aumentar progresivamente o financiamento destinado á cooperación internacional e o desenvolvemento, co obxectivo de que o investimento permita a creación de estruturas que favorezan o desenvolvemento."

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 4

Substituír o título do Artigo 4 polo seguinte:

"Na aplicación desta lei velarase polo cumprimento dos seguintes obxectivos estratéxicos".

Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 5

No apartado 1 substituír: "supremo", por: "máximo".



Emenda nº11, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 5

Substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3. A consellaría responsábel de velar polo desenvolvemento e execución da Egaex mirará polo mantemento da boa imaxe exterior de Galiza."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 6

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº13, de Adición. Artigo 7

No Artigo 7 engadir o seguinte texto in fine:

"Asemade o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade tamén ten a consideración de suxeito da acción exterior galega."

Emenda nº14, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

No apartado 2 substituír: "un especial apego por Galiza", por: "unha especial relación con Galiza".

Emenda nº15, de Adición. Artigo 9

Engadir no Artigo 9 o seguinte texto in fine:

"A Estratexia de acción exterior incluírá un Plan Director Quinquenal, un orzamento plurianual, un Plan Operativo Anual,, un programa de seguimento e avaliación intermedia, e un programa de rendición de contas diante do Parlamento."

Emenda nº16, de Supresión. CAPÍTULO III

Suprimir o CAPÍTULO III.



Emenda nº17, de Supresión. Artigo 16

Suprimir o Artigo 16.

Emenda nº18, de Adición. Artigo 19 bis

Engadir un novo Artigo 19 bis), co seguinte texto:
"Artigo 19 bis) Programas de acción exterior das cidades
As cidades galegas podrán desenvolver unha estratexia de proxección internacional acorde coa Estratexia galega de acción exterior. Na súa elaboración contarán coa participación do órgano da administración autonómica con competencias en relacións exteriores."

Emenda nº19, de Adición. Artigo 19 ter

Engadir un novo Artigo 19 ter, co seguinte texto:
"Artigo 19 ter. O departamento con competencias en materia de acción exterior creará liñas de financiamento, asesoramento e cooperación destinadas a entidades públicas e privadas que desenvolvan programacións de acción exterior."

Emenda nº20, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 20

Suprimir o apartado 4.

Emenda nº21, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 20

Substituír o texto do apartado 6 polo seguinte:
"6. O órgano de dirección da administración autonómica con competencias en materia de acción exterior presentará no



parlamento un informe anual de seguimento da estratexia, no que se incluíra o relatorio da axenda exterior do goberno, con unha valoración da repercusión das viaxes fóra de Galiza. Con este motivo, farase unha comparecencia anual no Parlamento."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 26 bis

Engadir un novo Artigo 26 bis), co seguinte texto:

"Artigo 26 bis)

Mediante decreto do goberno galego creárase o Observatorio do Lusofonía, do que farán parte as entidades galegas de relación con Portugal e co ámbito da lusofonía, e que terá como finalidade asesorar ao goberno, formular plans de acción como o previsto no artigo 26 quater, e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación. O Observatorio traballará de xeito específico a promoción das relacións con Brasil."

Emenda nº23, de Adición. Artigo 26 ter

Engadiir un novo Artigo 26 ter), co seguinte texto:

"Artigo 26 ter)

O goberno galego xestionará a admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 26 quater

Engadir un novo Artigo 26 quater, co seguinte texto:

"Artigo 26 quater)

Co obxecto de garantir o desenvolvemento da Lei 1/2014 de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, o departamento con competencias en relacións exteriores elaborará un Plan director plurianual da Lusofonía. Con tal finalidade, creárase un grupo de traballo que inclúa representantes de todos os departamentos e áreas da Xunta de Galiza implicados (relacións exteriores, política lingüística, economía, pesca e cultura, entree outros), así como outros axentes, colectivos, institucións e entidades sociais



susceptíbeis de contribuír a ese proxecto estratéxico. Este Plan será presentado no parlamento para estudo e avaliación. Anualmente presentarase no parlamento un informe sobre o desenvolvemento do plan e o seu grao de cumprimento."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 27 bis

Engadir un novo Artigo 27 bis), co seguinte texto:

"Artigo 27 bis)

O goberno galego defenderá en todos os foros a participación directa de Galiza nos organismos europeos de toma de decisións sobre materias relacionados con temas estratéxicos para o noso país e a súa economía, nomeadamente os relacionados coa política de pesca, a política agrograndeira e a política industrial. Asemade, defenderá nos foros estatais, europeos e internacionais os intereses materiais e culturais de Galiza, a súa capacidade de produción, e o control público da auga, do territorio e dos recursos enerxéticos e mineiros."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 51 bis

Engadir un novo Artigo 51 bis, co seguinte texto:

"Artigo 51 bis

A acción exterior galega promoverá o traballo conxunto coa diáspora tradicional e as súas formas actuais para proxectar a imaxe internacional de Galiza."

Emenda nº27, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 54

Engadir un novo apartado 3 bis), co seguinte texto:

"3 bis) O departamento con competencias en materia de acción exterior colaborará coas universidades e coas entidades de estudos internacionais galegas na implementación de estudos de postgrao de relacións exteriores e paradiplomacia. Asemade, desenvolverá accións de formación dirixidas aos sectores con maior proxección exterior e de maneira singular aos axentes do Consello de Acción Exterior (CAEX)."



Emenda nº28, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 60

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 60

Suprimir o apartado 3.

Emenda nº30, de Adición. Artigo 68 bis

Engadir un novo Artigo 68 bis, co seguinte texto:

"Artigo 68 bis

Para conseguir os obxectivos de promoción e proxección da cultura galega no exterior, crearase o Instituto Rosalía de Castro de promoción internacional da lingua e cultura galega."

Emenda nº31, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 69

Engadir un novo apartado 2 bis), co seguinte texto:

"2 bis) O goberno galego desenvolverá unha estratexia de intervención de Galiza a favor da diversidade lingüística e cultural sumándose ás iniciativas internacionais neste ámbito, nomeadamente ás promovidas no marco da UNESCO."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 70

Engadir no Artigo 70 in fine, o seguinte texto:

"A administración galega utilizará os Camiños de Santiago como camiños de volta, co obxecto de promover no exterior os valores, a identidade e a imaxe de Galiza."



Emenda nº33, de Adición. CAPÍTULO IX bis. Acción exterior a través do deporte

No TÍTULO VII engadir un novo CAPÍTULO IX bis). Acción exterior a través do deporte, cun novo Artigo 72 bis), co seguinte texto:

"Artigo 72 bis) Participación en competicións deportivas internacionais

A administración autonómica fomentará a proxección exterior de Galiza mediante a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de forma directa.

Asemade, no marco da EGAEX, desenvolverase un programa para a participación de deportistas galegos de elite na promoción de Galiza e dos valores aliñados coa marca país."

Emenda nº34, ao apartado h) bis), de Adición. Artigo 76

Engadir un novo apartado h) bis) co seguinte texto:

"h) bis) Contribuir a construción dun mundo baseado nas relacións en pé de igualdade entre os países, no respecto á soberanía nacional e no respecto ao dereito de autodeterminación recollido no Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos."

Emenda nº35, ao apartado h) ter), de Adición. Artigo 76

Engadir un novo apartado h) ter), co seguinte texto:

"h) ter) Traballar con organismos internacionais que denuncian e combaten a utilización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibbel como arma de propaganda e de lexitimación de países e empresas responsábeis das guerras, das desigualdades, da opresión e do espolio dos pobos e das persoas."

Emenda nº36, ao apartado h) quater), de Adición. Artigo 76

Engadir un novo apartado h) quater) co seguinte texto:



"h) quater) Colaborar na creación dunha alianza internacional a favor da acollida de persoas migrantes e exiladas."

Emenda nº37, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 89

No apartado 2 substituír a expresión: "Tamén poderán financiar", por: "Deberán financiar".

Emenda nº38, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 89

Engadir un novo apartado 4 bis), co seguinte texto:
"4 bis) O prazo de execución para proxectos de cooperación será o inicialmente previsto, sen que sexa necesario ligar a execución dos mesmos á anualidade orzamentaria."

Emenda nº39, ao apartado 4 ter), de Adición. Artigo 89

Engadir un novo apartado 4 ter), co seguinte texto:
"4 ter) A Xunta de Galiza dedicará á cooperación ao desenvolvemento cando menos a media orzamentaria das comunidades autónomas do Estado español no ano anterior, mantendo como obxectivo a medio prazo o obxectivo do 0,7%."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 97

Engadir no Artigo 97 in fine, o seguinte texto:
"Quedarán excluídas dos programas de cooperación aquelas empresas que realicen prácticas abusivas, de incumprimento dos dereitos humanos, e de espolio dos recursos naturais, e sobre as que recaian denuncias por explotación laboral e agresións ao medio e ás persoas. Neste caso, poderase realizar unha avaliación por parte do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento."



Emenda nº41, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 102

Engadir un novo apartado 8 bis), co seguinte texto:
"8 bis) Atendendo á especial relación histórica, cultural e lingüística con Portugal e cos países da Lusofonía, a Xunta de Galiza abrirá unha delegación permanente en Lisboa."

Emenda nº42, de Modificación. Artigo 103

No título do artigo 103 substituír "Funcionamento" por "Funcións".

Emenda nº43, ao apartado 1.a) bis), de Adición. Artigo 103

Engadir un novo apartado a) bis), co seguinte texto:
"a) bis) Defender os intereses xerais de Galiza no ámbito xeográfico de referencia da delegación."

Emenda nº44, de Adición. CAPÍTULO III bis.

Engadir un novo CAPÍTULO III bis), cun novo Artigo 108 bis), co seguinte texto:
"Artigo 108 bis) Do capital relacional da diáspora
O departamento con competencias en relacións exteriores elaborará un plan de aproveitamento e impulso do capital relacional da diáspora para que sirva para tender pontes, tecer alianzas e desenvolver políticas activas no exterior. A política exterior de Galiza fará da diáspora unha peza clave da estratexia de internacionalización."

Emenda nº45, de Adición. CAPÍTULO III bis.



No novo CAPÍTULO III bis), engadir un novo Artigo 108 ter), co seguinte texto:

"Artigo 108 ter)

Para darlle visibilidade e interconexión á rede galega no exterior, crearase unha plataforma web relacional con recursos, entidades e proxectos relacionados con este ámbito, nas que se incluírán tamén as iniciativas galegas de cooperación ao desenvolvemento. E a Xunta de Galiza desenvolverá un programa de divulgación e coñecemento da rede de entidades e persoas galegas no exterior."

Emenda nº46, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional primeira

Suprimir o apartado 2 da Disposición adicional primeira.

Emenda nº47, ao apartado 6 bis), de Adición. Disposición adicional segunda

Na Disposición adicional segunda engadir un novo apartado 6.bis), co seguinte texto:

"6 bis). No prazo de un ano desde a entrada en vigor da presente lei, o departamento con competencias en relacións exteriores presentará un proxecto para a creación dunha delegación permanente de Galiza en Bruxelas que asumirá as funcións de representación institucional galega e de relación cos organismos da UE."

Emenda nº48, de Adición. Disposición adicional sétima

Engadir unha nova Disposición adicional sétima, co seguinte texto:

"Disposición adicional sétima. Secretaría Xeral de Acción Exterior

O departamento autonómico encargado de Relacións Exteriores terá o rango de Secretaría Xeral con capacidade de coordinación do goberno e de cooperación con outros axentes da acción exterior galega. Con esta finalidade, crearase unha





comisión interdepartamental de acción exterior e unha comisión interinstitucional de coordinación entre a administración autonómica e outros axentes públicos e privados da acción exterior."

Emenda nº49, de Adición. Disposición adicional oitava

Engadir unha nova Disposición adicional oitava, co seguinte texto:

"Disposición adicional oitava. Marca País

Crearase a Marca País Galiza con atributos como calidade e estilo de vida, natureza, laboriosidade, atlantismo, europeísmo, ou nexa con Portugal e a lusofonía."

Emenda nº50, de Adición. Disposición adicional novena

Engadir unha nova Disposición adicional novena, co seguinte texto:

"Disposición adicional novena. Instituto Rosalía de Castro de promoción exterior da lingua e cultura galega

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o departamento con competencias en acción exterior, xunto co departamento competente en materia cultural, presentarán o proxecto de Instituto Rosalía de Castro, logo dun proceso participativo no que tomarán parte as entidades representativas do sector cultural público e privado, así como o parlamento galego."

Emenda nº51, de Adición. Disposición adicional décima

Engadir unha nova Disposición adicional décima, co seguinte texto:

"Disposición adicional décima. Plan de fomento da difusión exterior da cultura e da Lingua Galega

Mentres non se cree o Instituto Rosalía de Castro para a promoción da lingua e a cultura galega no exterior, o departamento con competencias en acción exterior, xunto cos





departamentos con competencias en cultura e en política lingüística, elaborarán un Plan de fomento da difusión exterior da cultura galega e da lingua galega, con especial atención ás áreas extraterritoriais de fala e cultura galega. Para cumprir este obxectivo, o goberno galego demandará o desenvolvemento de políticas a favor da diversidade cultural e lingüística por parte da administración do Estado e dos medios de comunicación públicos."

Emenda nº52, de Adición. Disposición adicional undécima

Engadir unha nova Disposición adicional undécima, co seguinte texto:

"Disposición adicional undécima. Axencia Galega de Cooperación para o Desenvolvemento

No prazo de un ano desde a aprobación da presente lei, o departamento con competencias en materia de cooperación internacional presentará no parlamento a proposta dunha Axencia Galega de Cooperación para o Desenvolvemento. Previamente desenvolverá un proceso participativo, coa intervención das entidades máis representativas deste ámbito, no que se definirán os obxectivos, os recursos e os ámbitos de actuación da Axencia."

Emenda nº53, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o texto da Disposición derradeira primeira polo seguinte:

"No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor na presente lei, aprobarase mediante decreto o regulamento do Consello de Acción Exterior co obxecto de fomentar o seu carácter de órgano consultivo e asesor da administración, e as funcións de seguimento, avaliación e control da estratexia e dos plans operativos de acción exterior."





Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/11/2020 16:34:09

Ana Pontón Mondelo na data 10/11/2020 16:34:18



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DE
ACCIÓN EXTERIOR E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE
GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000005).**

Emenda nº1, ao apartado k) bis), de Adición. Artigo 3

Débase crear una nova letra k) bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"k) bis. A eficiencia no uso dos recursos públicos escasos, evitando especialmente a duplicidade ou a redundancia da acción exterior galega respecto da estatal e favorecendo o uso das posibilidades dos medios dixitais e do espazo virtual."

Emenda nº2, ao apartado h), de Modificación. Artigo 3

Na letra h) deste artigo, *ab initio*, onde di: "A contribución a atinxir a ..." debe decir: "Acadar a ..."

Emenda nº3, ao apartado i), de Supresión. Artigo 3

Na letra i) deste artigo, débese suprimir *ab initio* a expresión: "A contribución para ..."

Emenda nº4, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 14

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A programación da Egaex desenvolverase por medio dun plan director quinquenal e plans anuais de acción, que definirá instrumentos, obxectivos e actividades previsibles e avaliáveis, xunto a liñas de coordinación e financiamento concretas co resto de axentes do Caex para o impulso da acción exterior de Galicia."



Emenda nº5, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 20

Proponse unha nova redacción para o punto 6 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"6. O órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en materia de acción exterior informará anualmente ao Parlamento da totalidade das viaxes ao exterior realizadas por persoal dependente da Administración autonómica, con relación pormenorizada do custe, duración, destino e finalidade de cada viaxe realizada, así como da relación de visitas e recepcións oficiais de autoridades públicas do exterior, xunto coa presentación do informe anual previsto no artigo 14.2."

Emenda nº6, ao apartado 3, de Adición. Artigo 28

No punto 3 deste artigo débese engadir *in fine*, o seguinte texto:
"...., que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2."

Emenda nº7, ao apartado 3, de Adición. Artigo 32

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., e que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 37

No punto 1 deste artigo, débese suprimir a seguinte palabra: "... propia ..."

Emenda nº9, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 37



No punto 3 deste artigo onde di: "... con aquelas asociacións e territorios ...", debe dicir: " ... con aqueles territorios ..."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 51

Débese engadir un novo parágrafo bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Promoverá o traballo conxunto coa diáspora tradicional e as súas formas actuais para proxectar a imaxe internacional de Galicia, organizando un programa anual de actividades en coordinación coa Consellería de Economía e o departamento da Xunta de Galicia encargado da relación coa emigración."

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 57 bis

Débese crear un novo artigo 57 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 57 bis. A acción exterior de Galicia no eido ambiental e do cambio climático buscará que as institucións e o conxunto da sociedade galega participe activamene na primeira liña das accións internacionais contra o cambio climático e de preservación dos ecosistemas planetarios, tendo en conta a interdependencia dos ecosistemas globais e as repercusións negativas do cambio climático."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 60

Débese engadir un novo artigo 60 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 60 ter. O organismo ou departamento autonómico encargado de promover a captación de investimento estranxeiro e a promoción do comercio exterior de Galicia elaborará anualmente un informe que comprenda as súas accións para a consecución deses obxectivos, así como os resultados desas accións, que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2."



Emenda nº13, de Adición. Artigo 60

Débase engadir un novo artigo 60 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 60 bis. Para as finalidades previstas nos artigos 59 e 60, a Administración autonómica establecerá mecanismos e procedementos de colaboración estables coa rede de oficinas comerciais das embaixadas de España no exterior."

Emenda nº14, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 62

Débase suprimir o punto 1 deste artigo.

Emenda nº15, de Adición. Artigo 70

Débase engadir un novo artigo 70 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 70 bis. A acción exterior galega promocionará as liñas de traballo conxunta cos axentes turísticos, culturais e lingüísticos galegos, tanto públicos como privados, con actividade internacional regular, para proxectar a imaxe internacional de Galicia."

Emenda nº16, ao apartado b), de Adición. Artigo 75

Na letra b) deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... , con especial consideración da loita contra o cambio climático e os seus efectos."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Adición. Artigo 81

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:





"... . A tales efectos, elaborárase polo órgano competente un informe anual que será presentado ao Parlamento xunto co informe previsto no artigo 14.2."

Emenda nº18, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 102

Débase engadir un novo punto 8 bis, que terá o seguinte contido:

"8 bis. En todo caso, a Administración autonómica minimizará o custo das delegacións ou oficinas exteriores, incluíndo para tal fin a preferencia polo uso de recursos xa existentes na rede de embaixadas ou organismos exteriores do Estado e o uso de recursos virtuais e non físicos."


Emenda nº19, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 107

No punto 2 deste artigo, onde di: "... deberán inscribirse ...", debe dicir: "... poderán inscribirse ..."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2020 17:38:04





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG5h7K9ShCO4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

